



## **Normativa reguladora da docencia en inglés no Grao en Enxeñaría Informática**

O Grao en Enxeñaría Informática da UDC ofértase como titulación plurilingüe, e réxese pola Normativa reguladora da docencia en inglés nas titulacións da UDC (aprobada polo Consello de Goberno do 30 de abril do 2015 e modificada no Consello de Goberno do 14 de abril de 2016).

Todas as materias do plan de estudos que se cursen en inglés reflectiranse no expediente académico do estudante, facéndose constar nos certificados académicos expedidos pola universidade. Ademais, incluírase no Suplemento Europeo ao Título (SET) a mención dos estudos superados en inglés.

Os alumnos con docencia plurilingüe formarán un grupo separado nas materias que se impartan en inglés. No resto de materias deberán elixir un grupo en horario de mañá compatible coas anteriores.

### **1. Requisitos**

No momento de formalizar a matrícula na Administración do Centro, os estudantes de novo ingreso deberán elixir unha das dúas opcións:

- Presentar un certificado oficial (nivel B1 ou superior) ou
- Inscribirse na proba de inglés realizada polo Centro de Linguas da UDC ([www.udc.es/centrodelinguas](http://www.udc.es/centrodelinguas)). Constará dunha proba escrita e un exame oral. Pídese un nivel B1.

### **2. Renuncia**

Habilitarase un prazo de 15 días, que comezará ao comezo do cuadrimestre, no que se poderá solicitar a renuncia á docencia plurilingüe e un cambio a un grupo con docencia ordinaria. Nese caso, o alumno que renuncie cambiará de grupo e asistirá a todas as clases nas linguas oficiais de Galicia.

### **3. Continuación e permanencia**

Os alumnos que se matriculen por primeira vez na FIC poden solicitar a súa inscrición no grupo con docencia en inglés. Os alumnos que xa cursaron cursos anteriores na liña plurilingüe, se desexan completar a docencia nesta liña e así obter o recoñecemento oficial do seu esforzo, deberán marcar a opción de grupo con docencia en inglés no momento de formalizar a súa matrícula. En caso de suspender algunha materia cursada en inglés no curso anterior, débese repetir no curso seguinte tamén en inglés.



Os estudantes admitidos no grupo con docencia en inglés que cursen unha materia por terceira ou cuarta vez poderán ser asignados a un grupo con docencia en galego/castelán se o número de alumnos que solicitan cursar dita materia no grupo con docencia en inglés excede a capacidade do grupo.